



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública



**Proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar
da Xunta de Galicia (subgrupo C2)
(consolidación de emprego)**

Primeiro exercicio

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1.-Segundo o artigo 5 da lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, a Xunta reúnese en:

- a) Consello e en Comisións delegadas, que someterán o seu funcionamento aos principios de unidade, colexialidade, presidencialidade e coordinación.
- b) Consello, que someterá o seu funcionamento aos principios de unidade, colexialidade, presidencialidade e coordinación.
- c) Consello e en Comisións delegadas, que someterán o seu funcionamento aos principios de unidade, colexialidade, cooperación e coordinación.
- d) Consello, que someterá o seu funcionamento aos principios de unidade, colexialidade, participación e coordinación.

2.- Segundo o disposto no artigo 57 da Constitución Española, extinguidas todas as liñas chamadas en dereito:

- a) Unha lei orgánica proverá a sucesión á Coroa
- b) As Cortes Xerais proverán a sucesión na Coroa na forma que máis conveña aos intereses de España
- c) As Cortes Xerais nomearán unha Rexencia
- d) Ningunha das anteriores é correcta

3.- Non é un documento de constancia:

- a) A dilixencia
- b) A acta
- c) A memoria
- d) O certificado

4.- O artigo 70 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a execución da oferta de emprego público ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de:

- a) 1 mes.
- b) 3 meses.
- c) 3 anos.
- d) 1 ano.

5.- Segundo o artigo 142 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, os procedementos de responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas:

- a) Iniciaranse sempre por reclamación dos interesados
- b) Resolveranse polo Consello de Ministros, polo Ministro respectivo se unha Lei así o dispón ou polos órganos correspondentes das comunidades autónomas ou das entidades que integran a administración local.
- c) A súa resolución pon fin á vía administrativa
- d) As respostas b) e c) son correctas

6.- Segundo o artigo 45 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, terá un dereito preferente a participar nos cursos formativos organizados pola Administración pública galega, calquera home ou muller que estea a utilizar ou tivese utilizado nos dous últimos anos:

- a) Unha licencia de maternidade
- b) Unha excedencia para o coidado de familiares ou excedencia por violencia de xénero sobre a muller funcionaria
- c) Unha excedencia voluntaria por agrupación familiar
- d) Unha redución de xornada por tratamento de fertilidade

7.- En virtude do disposto no artigo 10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, cando deba comunicar ás Comunidades Europeas proxectos de disposicións ou calquera outra información, en ausencia de prazo específico, a remisión deberá facerse:

- a) No prazo de 15 días
- b) No prazo de 20 días
- c) No prazo de 1 mes
- d) En tempo útil para os efectos do cumprimento desa obriga.

8.- Segundo o artigo 23 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, a Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva está composta por:

- a) A presidencia, que será desempeñada polo conselleiro competente en materia de traballo, dotada de voto de calidade.
- b) Tres persoas de recoñecido prestixio en materia de igualdade por razón de xénero que actuarán con voz pero sen voto.
- c) En calquera caso, polo menos o 40% do total de persoas compoñentes con pleno dereito a voto que deberán pertencer ao sexo menos representado na poboación laboral activa en Galicia.
- d) Todas as anteriores son correctas.

9.- Sinale, segundo o disposto no artigo 55 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, cal destas afirmacións é falsa en relación á constancia escrita do exercicio das competencias de forma verbal:

- a) Se se tratase de resolucións, o titular da competencia deberá autorizar unha relación das que ditase de forma verbal
- b) Sempre é necesaria a constancia por escrito.
- c) Non é sempre necesaria a constancia por escrito.
- d) A constancia escrita efectuarase e asinará polo titular do órgano inferior ou funcionario que a reciba oralmente.

10.- Cál das seguintes afirmacións é correcta?:

- a) Un procesador baseado nunha arquitectura de 64 bits pode soportar máis de 4 GB de memoria RAM.
- b) Un procesador baseado nunha arquitectura de 32 bits non pode soportar máis de 2 GB de memoria RAM.
- c) Os procesadores baseados en arquitecturas de 32 bits poden soportar ata 8 GB de memoria RAM.
- d) Ningunha das anteriores.

11.- Segundo o establecido no artigo 4 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, corresponde á Xunta:

- a) Aprobar as proposicións de Lei para a súa remisión ao Parlamento e acordar no seu caso a súa retirada
- b) Outorgar ou denegar a súa conformidade á tramitación de proxectos de Lei
- c) Ditar Decretos Lexislativos nos supostos de delegación expresa do Parlamento
- d) As respostas a) e c) son correctas

12.- Segundo o artigo 18 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Presidente é nomeado:

- a) Por Decreto publicado no Diario Oficial de Galicia
- b) Por Decreto publicado no Boletín Oficial do Estado e Diario Oficial de Galicia
- c) Por Real Decreto publicado no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado
- d) Por Real Decreto publicado no Boletín Oficial do Estado

13.- De acordo co artigo 3 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado, é un principio de funcionamento da Administración Xeral do Estado:

- a) Descentralización funcional
- b) Economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios aos fins institucionais
- c) Simplicidade, claridade e proximidade aos cidadáns
- d) Responsabilidade pola xestión pública

14.- Segundo o artigo 54 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, para contratar coas Administracións Públicas será requisito indispensable que o empresario se encontre debidamente clasificado nos seguintes casos:

- a) A execución de contratos de servizos por presuposto igual ou superior a 120.000 euros, salvo os comprendidos nas categorías 6, 8, 21, 26 e 27 do Anexo II.
- b) A execución de calquera contrato de servizos por presuposto igual ou superior a 120.000 euros.
- c) A execución de contratos de servizos por presuposto igual ou superior a 122.000 euros, salvo os comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II.
- d) A execución de contratos de subministros por presuposto igual ou superior a 120.000 euros

15.- Segundo o artigo 7 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, os acordos aprobatorios de plans ou programas conxuntos terán:

- a) Eficacia vinculante para a Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas participantes que os subscriban.
- b) Eficacia vinculante para a Administración Xeral do Estado e todas as comunidades autónomas.
- c) Non son vinculantes.
- d) Eficacia vinculante sempre que sexan completados mediante convenios de colaboración.

16.- Quén establece as bases do sistema obxectivo para o fomento da promoción interna de todo o persoal ao servizo da Administración Galega, de acordo co artigo 13 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia?

- a) O/a Conselleiro/a competente en materia de función pública.
- b) O Consello Galego da Función Pública.
- c) O/a Conselleiro/a correspondente por razón do posto
- d) O Consello da Xunta de Galicia

17.- Sinale a resposta incorrecta. Segundo o artigo 16 do IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, serán dereitos e obrigas dos/as representantes do persoal:

- a) Participar, nos termos pactados, nos órganos paritarios, no estudo das condicións de traballo nas distintas unidades administrativas.
- b) Trasladar as suxestións que, sobre as condicións de traballo, lles comuniquen os seus órganos de dirección
- c) Participar, nos termos pactados, nos órganos paritarios, na proposta das condicións de traballo nas distintas unidades administrativas
- d) Trasladar as suxestións que sobre as condicións de traballo, lles comuniquen os seus representados/as.

18.- Segundo o artigo 44 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia, a facenda da Comunidade Autónoma non está constituída por:

- a) As recargas de impostos estatais
- b) Os ingresos procedentes do Fondo de Compensación Interterritorial
- c) Asignacións con cargo aos presupostos xerais do Estado
- d) Os rendementos do patrimonio da Comunidade Autónoma e do Estado en Galicia

19.- Segundo o artigo 16 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, os Directores de Gabinete dos Secretarios de Estado:

- a) Serán nomeados por Real Decreto aprobado en Consello de Ministros
- b) Serán nomeados por Orde Ministerial, por proposta do Consello de Ministros
- c) Cesarán automaticamente cando cese o titular do cargo do que dependen
- d) As respostas b) e c) son correctas

20.- Segundo o artigo 15 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, a suplencia dos Secretarios de Estado do mesmo Departamento determinarase:

- a) Segundo a orde de precedencia que se derive da Orde de delegación
- b) Segundo a orde de precedencia que se derive de Real Decreto dotado polo Presidente do Goberno
- c) Segundo a orde de precedencia que se derive do Real Decreto de estrutura orgánica do Ministerio
- d) Ningunha é certa

21.- De acordo co artigo 5 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, as leis de Galicia, os decretos legislativos, as disposicións normativas e as resolucións oficiais da Administración Pública galega publicaranse:

- a) En galego no Diario Oficial de Galicia
- b) En galego e castelán no Diario Oficial de Galicia
- c) En galego e castelán no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.
- d) En galego no Diario Oficial de Galicia e en castelán no Boletín Oficial do Estado.

22.- Segundo o artigo 20 da lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, poden delegar o exercicio de competencias propias:

- a) O Presidente do Goberno en favor do Vicepresidente ou Vicepresidentes, dos Ministros e dos Secretarios de Estado.
- b) Os Ministros en favor de todos os Secretarios de Estado, dos Delegados do Goberno nas Comunidades Autónomas e dos órganos directivos do Ministerio.
- c) Os Ministros en favor dos Subdelegados do Goberno nas Comunidades Autónomas e dos órganos directivos do Ministerio.
- d) O Consello de Ministros nas Comisións delegadas de Goberno, no caso da delegación de funcións administrativas.

23.- Segundo o artigo 44 a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que regula o procedemento para a elección das Xuntas de Persoal e Delegados de Persoal, sinala cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) A elección realizarase mediante sufraxio universal, directo, libre e secreto
- b) Serán electores e elixibles os funcionarios que se encontren en servizo activo
- c) Todas as impugnacións se formularán directamente ante a xurisdición social.
- d) As respostas a) e b) son correctas

24.- Segundo o establecido no artigo 2 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado, sinala a afirmación falsa en relación aos organismos públicos da Administración Xeral do Estado:

- a) Os organismos públicos teñen por obxecto a realización de actividades de execución ou xestión.
- b) Os organismos públicos poden estender a súa competencia a todo o territorio español.
- c) A capacidade de obrar dos organismos públicos vén determinada polas potestades e competencias que lles atribúa o ordenamento xurídico.
- d) Os organismos públicos son entidades independentes da Administración Xeral do Estado.

25. -Segundo o artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, as Administracións públicas actúan e relaciónanse de acordo co principio de lealdade institucional e en consecuencia:

- a) Deberán ponderar, no exercicio das competencias propias, a totalidade dos intereses públicos implicados e, en concreto, aqueles cuxa xestión estea encomendada ás outras Administracións
- b) Poderán ponderar, no exercicio das competencias propias, a totalidade dos intereses públicos implicados e, en concreto, aqueles cuxa xestión estea encomendada ás outras Administracións
- c) Poderán ponderar, no exercicio das competencias propias, a totalidade dos intereses públicos implicados e, en concreto, aqueles cuxa xestión teñan encomendada
- d) Deberán ponderar, no exercicio das competencias propias, a totalidade dos intereses públicos implicados e, en concreto, aqueles cuxa xestión teñan encomendada.

26.- Segundo o artigo 99 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, as administracións públicas poden, para a execución de determinados actos, impoñer multas coercitivas:

- a) Na forma e contía que se estableza regulamentariamente.
- b) Cando así o autoricen as leis
- c) Son correctas a) e b)
- d) Cando así se autorice legal ou regulamentariamente.

27.- De acordo co artigo 131 da Constitución Española, o Estado, mediante Lei, poderá planificar a actividade económica xeral:

- a) Para equilibrar e harmonizar o desenvolvemento nacional e sectorial.
- b) Para atender as necesidades de cada sector económico
- c) Para estimular o crecemento da renda e da riqueza
- d) Para estimular o crecemento da calidade de vida.

28.- O artigo 37.9 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, sinala que o interesado/a poderá considerar desestimado o recurso especial en materia de contratación para os efectos de interpoñer recurso contencioso-administrativo transcorrido un prazo de:

- a) Trinta días hábiles contados dende o seguinte á interposición do recurso sen que se notificase a súa resolución
- b) Vinte días naturais contados dende o seguinte á interposición do recurso sen que se notificase a súa resolución
- c) Vinte días hábiles contados dende o da interposición do recurso sen que se notificase a súa resolución
- d) Vinte días hábiles contados dende o seguinte á interposición do recurso sen que se notificase a súa resolución

29.- Segundo o artigo 8 da Constitución Española de 1978, as Forzas Armadas están constituídas por:

- a) O Exército de Terra, Mar e Aire.
- b) O Exército de Terra, a Armada e o Exército do Aire.
- c) O Exército de Terra, a Mariña e o Exército do Aire.
- d) Os medios terrestres, navais e aéreos.

30.- A inscrición dun empresario no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas dunha Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 72.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público:

- a) Acreditará a súa aptitude fronte aos órganos de contratación do sector público da Comunidade Autónoma onde se inscriba.
- b) Acreditará a súa aptitude fronte a todos os órganos de contratación do sector público do Estado.
- c) Acreditará a súa aptitude fronte a todos os órganos de contratación de calquera Administración Pública.
- d) Acreditará a súa aptitude fronte aos órganos de contratación do sector público e privado da Comunidade Autónoma onde se inscriba.

31.- Segundo o establecido no artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia:

- a) O Presidente, logo do acordo do Consello da Xunta, poderá disolver o Parlamento mediante Decreto.
- b) O Presidente, baixo a responsabilidade do Consello da Xunta, poderá disolver o Parlamento mediante Decreto
- c) O Presidente, non poderá disolver o Parlamento cando non transcorrese polo menos dous anos dende a última disolución da cámara
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas

32.- Segundo o artigo 64 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, a solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de auditores independentes ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de crédito e caución.
- b) Declaración sobre o volume dos pasivos expedida pola correspondente entidade financeira.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como mínimo aos dous últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

33.- Segundo o artigo 2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, non lle corresponde ao Presidente do Goberno:

- a) Remitir os Tratados internacionais ás Cortes Xerais
- b) Resolver os conflitos de atribucións entre distintos Ministerios
- c) Propoñer o Rei, logo da deliberación do Consello de Ministros, a disolución do Congreso, do Senado ou das Cortes Xerais
- d) Someter ao Rei, para a súa sanción, as leis e demais normas con rango de Lei

34.- Segundo o artigo 26 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, forman parte do contido mínimo dos contratos que celebren os entes, organismos e entidades do sector público, salvo que xa se encontren recollidas nos pregos, as seguintes mencións:

- a) A enumeración dos documentos que integran o contrato.
- b) As condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións.
- c) A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, se é o caso, se impoña ao contratista.
- d) Todas as anteriores son correctas.

35.- O artigo 98 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público establece que o procedemento disciplinario que se estableza no desenvolvemento deste se estruturará atendendo aos principios de:

- a) Eficacia, celeridade e economía procesual.
- b) Eficiencia, celeridade e economía procesual.
- c) Eficacia, legalidade e celeridade.
- d) Eficiencia, legalidade e celeridade.

36.- Segundo o artigo 164 da Constitución Española, as sentenzas do Tribunal Constitucional:

- a) Teñen o valor de cousa xulgada dende o mesmo día da súa publicación e non cabe recurso ningún contra elas.
- b) Poderán ser recorridas polo Presidente do Goberno.
- c) Teñen o valor de cousa xulgada a partir do día seguinte da súa publicación e non cabe recurso ningún contra elas.
- d) Teñen o valor de cousa xulgada dende o día seguinte da súa publicación salvo que se interpoña recurso contra elas.

37.- Conforme o artigo 18 da lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, a verificación dos selos electrónicos das administracións públicas, corresponde:

- a) Á Fábrica Nacional de Moeda e Timbre.
- b) Á Administración Xeral do Estado que adoptará as medidas axeitadas para facilitar a verificación dos selos electrónicos de calquera Administración Pública
- c) A cada Administración Pública que adoptará as medidas axeitadas para facilitar a verificación dos seus selos electrónicos.
- d) Á Axencia Estatal de Protección de Datos

38.- Conforme o artigo 4 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Cál das seguintes funcións non corresponde aos ministros?

- a) Referendar os actos do Rei en materia da súa competencia.
- b) Modificar, por Real Decreto, o seu departamento ministerial.
- c) Desenvolver a acción do Goberno no ámbito do seu departamento.
- d) Exercer a potestade regulamentaria en materias propias do seu departamento.

39.- Segundo o artigo 57 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, os acordos relativos á clasificación das empresas adoptaranse, con eficacia xeral fronte a todos os órganos de contratación, por:

- a) As Comisións Clasificadoras, e poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado.
- b) As Comisións Clasificadoras da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado, e poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o Ministro de Economía e Facenda.
- c) A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado, e poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a Comisión de Asuntos económicos do Ministerio de Economía e Facenda.
- d) A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado, a través das Comisións Mixtas Clasificadoras. Estes acordos poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o Ministro de Economía e Facenda.

40.- Segundo o sinalado no artigo 68 de Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. En que caso non poderá concederse a rehabilitación da condición de funcionario?:

- a) Ter perdido a condición de funcionario por xubilación forzosa
- b) No suposto de extinción da relación de servizos como consecuencia de perda da nacionalidade
- c) No suposto de extinción da relación de servizos como consecuencia de xubilación por incapacidade permanente para o servizo
- d) Ter perdido a condición de funcionario por ser condenado á pena principal ou accesoria de inhabilitación

41.- Segundo o artigo 27 do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias e concertadas da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, créase o rexistro telemático da Xunta de Galicia e régúlase a atención ao cidadán, unha vez recibida a queixa na secretaría xeral da consellería afectada, ésta deberá emitir informe ao respecto no prazo de:

- a) 10 días
- b) 20 días
- c) 15 días
- d) Coa maior brevidade posible

42.- Conforme ao artigo 9 da Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia, a ordenación do funcionamento do Parlamento Galego realizarase:

- a) Por unha lei orgánica.
- b) Polo regulamento interno do Parlamento.
- c) Por lei de Galicia.
- d) Pola Xunta de Galicia.

43.- En virtude do artigo 23 do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, créase o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e régúlase a atención ao cidadán, no caso de que a petición de información dun cidadán non puidese ser resolta de forma inmediata cos medios de que dispón o empregado de atención ao público:

- a) En todo caso será contestada no prazo de dous días.
- b) En todo caso será contestada no prazo de tres días
- c) Será contestada no prazo de dous días hábiles.
- d) Será contestada no prazo de tres días hábiles.

44.- Segundo o artigo 44 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, as competencias que sexan delegadas:

- a) Non poderán, a súa vez, ser obxecto de delegación en ningún caso.
- b) Non poderán, a súa vez, ser obxecto de delegación non sendo que unha lei o autorice expresamente.
- c) Poderán ser obxecto de delegación, non sendo que se trate de competencias atribuídas ao Consello da Xunta.
- d) Poderán ser obxecto de delegación en calquera caso.

45.- De acordo co artigo 66 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, nos contratos de subministros a solvencia técnica dos empresarios non se acreditará por un ou varios dos seguintes medios:

- a) Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas, ou non na empresa, dos que se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade
- b) Relación das principais subministros efectuadas durante os cinco últimos anos, indicando o seu importe, datas e destinatario público ou privado destes.
- c) Mostras, descrições e fotografías dos produtos a subministrar, cuxa autenticidade poida certificarse, a petición da entidade do sector público contratante.
- d) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa

46.- Segundo o artigo 54 a Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, son principios de conducta dos empregados públicos:

- a) Manter actualizada a súa formación e cualificación.
- b) Non aceptar ningún trato de favor ou situación que implique privilexio ou vantaxe inxustificada, por parte de persoas físicas ou entidades privadas.
- c) Gardar segredo das materias clasificadas ou outras cuxa difusión estea prohibida legalmente.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

47.- En virtude do artigo 36 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, a invalidez dos contratos por causas recoñecidas no dereito civil:

- a) Suxeitarase aos requisitos e prazos de exercicio das accións establecidos na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.
- b) Suxeitarase aos requisitos e prazos de exercicio das accións establecidos no ordenamento mercantil.
- c) Suxeitarase aos requisitos e prazos de exercicio das accións establecidos no ordenamento civil, pero o procedemento para facelas valer someterase ao previsto na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público para os actos e contratos administrativos anulables
- d) Suxeitarase aos requisitos e prazos de exercicio das accións establecidos na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, pero o procedemento para facelas valer someterase ao previsto no ordenamento civil.

48.- O artigo 39 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que corresponde aos Delegados/ás de Persoal a representación das unidades electorais onde o número de funcionarios sexa:

- a) Igual ou superior a 6 e inferior a 50.
- b) Igual ou superior a 7 e inferior a 50.
- c) Igual ou superior a 10 e inferior a 49.
- d) Igual ou superior a 10 e inferior a 50.

49.- De acordo co artigo 10 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística:

- a) Corresponde ao Parlamento de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación e dos topónimos de Galicia.
- b) Corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación urbanas e dos topónimos de Galicia.
- c) Corresponde ao Parlamento de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

50.- Quen queda excluído do ámbito de aplicación do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia de acordo co seu artigo 3?

- a) O persoal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- b) O persoal do Parlamento de Galicia
- c) O persoal laboral
- d) O persoal da Administración local

51.- Segundo o artigo 35 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma poderá:

- a) Celebrar convenios con outras Comunidades Autónomas para a xestión e prestación de servizos propios da exclusiva competencia destas que deberán ser autorizados polas Cortes Xerais.
- b) A Comunidade Autónoma poderá establecer acordos de cooperación con outras Comunidades Autónomas, logo de autorización do Senado.
- c) A Comunidade Autónoma galega poderá solicitar do Goberno que celebre e presente, se é o caso, ás Cortes Xerais, para a súa autorización, os Tratados ou convenios que permita o establecemento de relacións culturais cos Estados cos que manteña particulares vínculos culturais ou lingüísticos.
- d) A Comunidade Autónoma galega poderá celebrar tratados ou convenios cos Estados cos que manteña particulares vínculos culturais ou lingüísticos, logo de autorización do Goberno.

52.- De acordo co artigo 8 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia Pódese nomear persoal interino sen adscrición a unha praza dotada orzamentariamente?:

- a) En ningún caso
- b) Con carácter excepcional, previo informe favorable das consellerías competentes en materia de función pública e economía
- c) Por unha duración máxima de 6 meses dentro dun período de 9 meses
- d) Por unha duración mínima de 6 meses dentro dun período de 12 meses

53.- Segundo o artigo 25 do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, créase o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e régúlase a atención ao cidadán, as queixas:

- a) En ningún caso terán a cualificación de recurso administrativo
- b) Suspendarán os prazos establecidos ata a súa resolución, desestimación ou ata o levantamento da citada suspensión polo órgano competente.
- c) Unicamente terán a cualificación de recurso administrativo no caso en que da súa valoración se deduzan feitos que o xustifiquen
- d) Tramitaranse no prazo de trinta días

54.- Para presentar as solicitudes para participar na provisión de postos de traballo por concurso ou por libre designación, concederáse un prazo, de acordo co artigo 29.3 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia de:

- a) Mínimo de quince días hábiles
- b) Mínimo de quince días naturais
- c) Cinco días naturais
- d) Cinco días hábiles

55.- De acordo co artigo 44. 4 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, o persoal doutras administracións en servizo activo na Administración da Xunta de Galicia non poderá superar, en ningún caso:

- a) O 3% dos efectivos totais con que esta conte.
- b) O 12% dos efectivos totais con que esta conte.
- c) O 7% dos efectivos totais con que esta conte.
- d) O 5% dos efectivos totais con que esta conte.

56.- Segundo o artigo 13 do Decreto Legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia, corresponde ao Consello da Xunta de Galicia:

- a) Aprobar as proposicións de Lei en materia de función pública e a súa remisión ao Parlamento
- b) Aprobar as normas de clasificación e as relacións de postos de traballo da Administración e acordar a súa publicación
- c) Autorizar calquera medida relativa ao persoal que poida supoñer modificacións no gasto
- d) Aprobar os plans de emprego

57.- A excedencia voluntaria incentivada, regulada no artigo 57 do Decreto Legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia:

- a) Terá unha duración de cinco anos e impedirá desempeñar postos de traballo no sector público e privado, baixo ningún tipo de relación funcional ou contractual, sexa esta de natureza laboral ou administrativa.
- b) Terá unha duración de tres anos e impedirá desempeñar postos de traballo no sector público baixo ningún tipo de relación funcional ou contractual de natureza laboral.
- c) Terá unha duración de tres anos e impedirá desempeñar postos de traballo no sector público e privado, baixo ningún tipo de relación funcional ou contractual, sexa esta de natureza laboral ou administrativa.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

58.- En virtude do artigo 4 do IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, a amortización de prazas vacantes requirirá que:

- a) A consellería competente en materia de función pública, con carácter previo, solicite informe aos delegados de persoal ou comité de empresa respectivo, e no seu caso ao Comité Intercentros, que deberá ser emitido no prazo de 15 días
- b) A consellería competente en materia de función pública, con carácter urgente, solicite informe aos delegados de persoal ou comité de empresa respectivo, e no seu caso ao Comité Intercentros, que deberá ser emitido no prazo de máximo de 15 días.
- c) A Xunta de Galicia, con carácter previo, solicite informe aos delegados de persoal ou comité de empresa respectivo, e no seu caso ao Comité Intercentros, que deberá ser emitido no prazo máximo de 15 días
- d) A Xunta de Galicia, con carácter urgente, solicite informe aos delegados de persoal ou comité de empresa respectivo, e no seu caso ao Comité Intercentros, que deberá ser emitido no prazo de 15 días

59.- De acordo co artigo 124. 4 da Constitución Española de 1978: Quén nomea o Fiscal Xeral do Estado?

- a) O Rei, por proposta do Tribunal Constitucional, oído o Consello Xeral do Poder Xudicial.
- b) O Rei, por proposta do Congreso, oído o Consello Xeral do Poder Xudicial.
- c) O Rei, por proposta do Tribunal de Contas, oído o Consello Xeral do Poder Xudicial.
- d) O Rei, por proposta do Goberno, oído o Consello Xeral do Poder Xudicial.

60.- Segundo o artigo 59 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, son arquivos:

- a) Os conxuntos funcionais de documentos, ou a reunión de varios deles, reunidos polas persoas xurídicas públicas, no exercicio das súas actividades, ao servizo da súa utilización para a investigación, a cultura, a información e a xestión administrativa.
- b) As institucións culturais onde se reúnen, conservan, ordenan e difunden os conxuntos de documentos.
- c) Os conxuntos orgánicos de documentos, ou a reunión de varios deles, reunidos polas persoas xurídicas, públicas ou privadas, no exercicio das súas actividades, ao servizo da súa utilización para a investigación, a cultura, a información e a xestión administrativa.
- d) Son correctas a b) e a c).

61.- Segundo o artigo 25 do IV Convenio Colectivo de Persoal Laboral da Xunta de Galicia, son complementos salariais do persoal laboral:

- a) Singularidade, antigüidade e funcións
- b) Singularidade e funcións
- c) Destino, específico e antigüidade
- d) Singularidade e antigüidade.

62.- As características das memorias do tipo RAM son:

- a) Son volátiles.
- b) É unha memoria de acceso aleatorio.
- c) Son non volátiles.
- d) As opcións a) e b) son correctas.

63.- Segundo o artigo 14 do IV Convenio Colectivo Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia, o período de proba para as categorías incluídas no grupo II será de:

- a) 3 meses, e en caso de non o superar seralle notificado por escrito motivado.
- b) 1 mes, e en caso de non o superar seralle notificado por escrito motivado.
- c) 3 meses, e en caso de non o superar notificaráselle por escrito en prazo non superior a 3 días hábiles dende a finalización do período de proba.
- d) 1 mes, e en caso de non o superar notificaráselle por escrito en prazo non superior a 3 días hábiles dende a finalización do período de proba.

64.- O IV Convenio Colectivo Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia, recolle no seu artigo 26 os diferentes complementos salariais entre os que se encontra o complemento de nocturnidade. Segundo o convenio aos traballadores que realicen a súa xornada en horario nocturno:

- a) Proporcionaráselles roupa de abrigo axeitada ás temperaturas que haberán de resistir
- b) Proporcionaráselles café ou bebida quente
- c) Proporcionaráselles roupa de abrigo e medios de iluminación axeitados
- d) Proporcionaráselles o dobre do tempo de descanso do horario diúrno, sempre e cando haxa persoal abondo para levar a cabo o relevo.

65.- Segundo o artigo 49 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, para previr o acoso sexual elaborárase unha declaración de principios na que constasen:

- a) O recordo a todo o persoal de deber de respectar a dignidade da persoa.
- b) As medidas de reinserción dos acosadores.
- c) Unha relación de accións relacionadas co xénero que poidan ter por finalidade atentar contra a dignidade da persoa.
- d) A información sobre as axudas económicas ás vítimas.

66.- Segundo o artigo 38 da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público, os pactos e os acordos deberán determinar:

- a) As partes e o ámbito persoal, funcional, territorial e temporal
- b) As prórrogas aplicables
- c) As opcións a) e b) son correctas
- d) Obxectivos principais e secundarios.

67.- Segundo o artigo 12 do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán, os selos de rexistro conterán:

- a) O espazo destinado á data, a hora e o minuto de presentación no rexistro.
- b) O espazo destinado á identificación da persoa, o órgano ou a unidade administrativa á que se dirixe.
- c) O espazo destinado á identificación da persoa, o órgano ou a unidade administrativa da que procede.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

68.- Segundo o artigo 36 da Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, Estatuto de autonomía de Galicia, a competencia para solicitar do Estado a transferencia de competencias non asumidas no Estatuto, correspóndelle:

- a) Ao Parlamento de Galicia.
- b) Ao Parlamento a proposta do Presidente da Xunta de Galicia.
- c) Ao Presidente da Xunta de Galicia.
- d) Ao Goberno de Galicia.

69.- Conforme o artigo 16 da Lei 2/2007, do 28 de marzo de Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia, a Marca Galega de Excelencia en Igualdade será concedida por:

- a) O departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, por proposta da Unidade Administrativa de Igualdade e á vista do informe emitido polo departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo
- b) O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, por proposta do departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade e á vista do informe emitido pola Unidade Administrativa de Igualdade
- c) A Unidade Administrativa de Igualdade, por proposta do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, e á vista do informe emitido polo departamento competente en materia de igualdade.
- d) O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo por proposta da Unidade Administrativa de Igualdade e á vista do informe emitido polo departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade

70.- Segundo o artigo 37 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, de Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia, o Plan galego de emprego feminino considerará especialmente:

- a) A participación das mulleres emprendedoras en situación de desvantaxe social.
- b) A participación das mulleres dos sectores nos que exista infra-representación feminina.
- c) A participación das mulleres rurais e do sector marítimo-pesqueiro.
- d) A participación das mulleres dos sectores laborais feminizados.

71.- Cal dos seguintes dispositivos presenta unha maior capacidade de almacenamento?:

- a) Un DVD de dobre capa.
- b) Un disco duro interno de 1 Terabit.
- c) Un pendrive de 512 Megabytes.
- d) Un disco duro externo de 250 Gigabytes.

72.- Segundo o artigo 78 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, sinala cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) As Administracións Públicas proverán os postos de traballo mediante procedementos baseados nos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade
- b) A provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levarase a cabo polos procedementos de concurso e oposición con convocatoria pública
- c) As Administracións Públicas proverán os postos de traballo mediante procedementos baseados nos principios de transparencia, mérito, capacidade e publicidade
- d) As respostas b) e c) son correctas

73.- Segundo o artigo 109 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sinala cal das seguintes afirmacións é incorrecta:

- a) Poñen fin á vía administrativa as resolucións dos recursos de alzada
- b) Poñen fin á vía administrativa as resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo que unha disposición estableza o contrario
- c) Poñen fin á vía administrativa as resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo que unha lei estableza o contrario
- d) Poñen fin á vía administrativa os acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento

74.- A velocidade dun procesador mídese en:

- a) ciclos/segundo
- b) bits/segundo
- c) baudios
- d) ningunha das anteriores

75.- Que é un informe?

- a) Un documento administrativo que contén unha declaración de xuízo dun órgano administrativo, persoa ou entidade pública ou privada sobre cuestións de feito, técnicas ou xurídicas que son obxecto dun procedemento administrativo.
- b) Documento que describe, a posteriori, a xestión económica ou de actividades levada a cabo por un organismo ou unidade nun tempo determinado.
- c) Documento emitido por un órgano colexiado ou autoridade pública que acredita feitos, consideracións ou acordos.
- d) Documento que acredita a veracidade de feitos e de datos recollidos en actas, arquivos, etc.

76.- Sinale cal dos seguintes non é, conforme o artigo 13 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, un sistema de firma electrónica que os cidadáns poidan utilizar para relacionarse coas Administracións Públicas:

- a) Sistemas de firma electrónica incorporados ao Documento Nacional de Identidade, para persoas físicas.
- b) Sistemas de firma electrónica avanzada, admitidos polas Administracións Públicas.
- c) A utilización de claves concertadas nun rexistro previo como usuario.
- d) Todas as opcións son correctas.

77.- Conforme o artigo 30 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, a Xunta de Galicia para asegurar a participación das mulleres nos beneficios dun desenvolvemento rural sostible, lles garánteselles:

- a) A creación de gardarías e de escolas infantís nas zonas rurais.
- b) A información de calquera das medidas públicas adoptadas de desenvolvemento rural con incidencia nos dereitos e deberes das mulleres.
- c) O dereito a percibir unha axuda económica co fin de que non constitúa unha discriminación gravosa o feito da residencia en zona rural.
- d) Medidas específicas de apoio as familias monoparentais.

78.- O artigo 32 do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, créase o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e régúlase a atención ao cidadán, crea coa finalidade de facilitar a actividade da Comisión das Webs da Xunta de Galicia:

- a) A Subcomisión de Software Administrativo.
- b) A Subcomisión de Presentación e Contidos.
- c) A Subcomisión das Webs da Xunta de Galicia.
- d) A Comisión das Webs da Xunta de Galicia non aparece recollida no decreto mencionado.

79.- Sinale cal das seguintes non é unha característica das sedes electrónicas, segundo o artigo 10 da lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos:

- a) Cada Administración Pública determinará libremente as condicións e instrumentos de creación das sedes electrónicas sen suxeición a ningún principio.
- b) Dispoñerán de sistemas que permitan o establecemento de comunicacións seguras sempre que sexan necesarias.
- c) O seu establecemento leva consigo a responsabilidade do titular respecto da integridade, veracidade e actualización da información e os servizos aos que poida accederse a través desta
- d) A súa titularidade corresponde a unha Administración Pública, órgano ou entidade administrativa no exercicio das súas competencias.

80.- Segundo o artigo 155 da Constitución Española, se unha comunidade autónoma non cumprise as obrigas que a propia Constitución ou outras leis lle impoñan, ou actuase de forma que atentase gravemente ao interese xeral de España:

a) O goberno, tras o requirimento ao presidente da comunidade autónoma e, en caso de non ser atendido, coa aprobación por maioría absoluta do Senado, poderá adoptar as medidas necesarias para obrigar aquela ao cumprimento forzoso das citadas obrigas ou para a protección do mencionado interese xeral.

b) O Presidente do Goberno, tras o requirimento ao presidente da comunidade autónoma e, en caso de non ser atendido, coa aprobación por maioría simple do Congreso, poderá adoptar as medidas necesarias para obrigar aquela ao cumprimento forzoso das citadas obrigas ou para a protección do mencionado interese xeral.

c) O Senado, tras o requirimento ao presidente da comunidade autónoma e, en caso de non ser atendido, coa aprobación por maioría simple dos seus membros, poderá adoptar as medidas necesarias para obrigar aquela ao cumprimento forzoso das citadas obrigas ou para a protección do mencionado interese xeral.

d) O Senado, tras o requirimento ao presidente da comunidade autónoma e, en caso de non ser atendido, coa aprobación por maioría simple dos membros do Congreso, poderá adoptar as medidas necesarias para obrigar aquela ao cumprimento forzoso das citadas obrigas ou para a protección do mencionado interese xeral.

PREGUNTAS DE RESERVA

81.- Segundo o artigo 25 do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán, poderán formular as suxestións ou queixas que estimen convenientes sobre o funcionamento dos servizos públicos da Administración autonómica co fin de mellorar a calidade destes:

a) Os interesados e institucións privadas, exclusivamente.

b) Os cidadáns e institucións privadas, exclusivamente

c) Os cidadáns e institucións públicas ou privadas, exclusivamente.

d) Os cidadáns e entidades privadas, exclusivamente.

82.- Segundo o artigo 117 da Constitución Española de 1978, a xustiza emana do pobo e adminístrase en nome do Rei por:

a) Xuíces e Maxistrados integrantes do poder xudicial, independentes, inamovibles, responsables e sometidos unicamente ao imperio da Lei.

b) Xuíces e Maxistrados integrantes do poder xudicial, independentes, inamovibles, imparciais e sometidos unicamente ao imperio da Lei.

c) Xuíces e Maxistrados integrantes do poder xudicial, independentes, inamovibles, imparciais, responsables e sometidos unicamente ao imperio da Lei.

d) Xuíces e Maxistrados integrantes do poder xudicial, dependentes, inamovibles, imparciais, responsables e sometidos unicamente ao imperio da Lei.

83.- Segundo o artigo 38 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia, sinale a afirmación correcta:

- a) A falta de Dereito propio de Galicia, será de aplicación supletoria o Dereito do Estado
- b) En materias de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma o Dereito de Galicia é aplicable fóra do seu territorio con preferencia a calquera outro
- c) Na determinación das fontes do Dereito civil respectaranse polo Estado as normas do Dereito civil galego
- d) As respostas a) e c) son correctas